

EXPEDIENTE 2026/E001/000011. Procedemento de selección auxiliar administrativo/a Obradoiro Dual de Emprego Touro-Boimorto-O Pino.

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e data celebración proceso de selección.

ANTECEDENTES

Resolución de concesión de subvención do 13/04/2026 (Nº de Expediente: TR353A-2025/000095-1) para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "TOURO-BOIMORTO-O PINO" solicitado polo Concello de Touro, Boimorto e O Pino sendo o Concello de Touro, a entidade promotora, segundo a solicitude presentada a partir da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A).

Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, emitidas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación para o emprego o 17/04/2026.

20.05.2026 Decreto alcaldía nº 177/2026 polo que se aprobaron as bases do procedemento de selección do Obradoiro Dual de Emprego "Touro-Boimorto-O Pino" ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026.

28.05.2026 Decreto alcaldía nº 187/2026 lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a selección dos postos de funcionario/a/s interinos/as por proxectos (9 meses) do persoal directivo, docente e de apoio.

04.06.2026 Decreto alcaldía nº 195/2026 lista definitiva de persoas admitidas e excluídas para a selección dos postos de funcionario/a/s interinos/as por proxectos (9 meses) do persoal directivo, docente e de apoio.

05.06.2026 Decreto de Alcaldía nº 206/2026 lista definitiva persoas admitidas e excluídas e data celebración entrevista proceso selección alumnos-traballadores Obradoiro Dual Emprego.

08.06.2026 Acta valoración provisional da fase de oposición e de méritos do proceso para a selección dos postos de funcionario/a/s interinos/as por proxectos (9 meses) do persoal directivo, docente e de apoio

09.06.2026 Acta proceso valoración provisional da fase de oposición e de méritos do proceso para a selección das persoas alumnas-traballadoras.

11.06.2026 Certificado de elevación a definitivas da valoración da fase de oposición e de méritos do proceso para a selección dos postos de funcionario/a/s interinos/as por proxectos (9 meses) do persoal directivo, docente e de apoio

15.06.2026 Resolución de alcaldía onde consta:

*".../... **QUINTO.** Proceder ao nomeamento de Tania Garabatos Rodríguez con D.N.I. ***3820** como auxiliar administrativa do Obradoiro Dual de Emprego "Touro-Boimorto-O Pino", funcionaria interina por programas, por un período de 9 meses.*

***SÉTIMO.** Aprobar as seguintes listaxes de reserva integradas polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás das persoas propostas para ocupar a praza obxecto da convocatoria, Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedementos de selección, de conformidade co previsto nas instrucións referenciadas.*

- Auxiliar administrativa: Olalla Bouzas Nimo con D..N.I. ***6198**.../..."

24.07.2026 Recíbese comunicación de Incapacidade Laboral Temporal de Tania Garabatos Rodríguez con D.N.I. ***3820** auxiliar administrativa do Obradoiro Dual de Emprego "Touro-Boimorto-O Pino", funcionaria interina por programas.

Segundo o establecido nas Bases reguladoras procedeu ao chamamento da persoa que constaba na lista de reserva Olalla Bouzas Nimo con D.N.I. ***6198**.



A citada persoa, Olalla Bouzas Nimo con D.N.I. ***6198**, presentou documentación acreditativa de que estaba ocupando posto de traballo noutro Obradoiro de Emprego e a imposibilidade de cubrir o posto.

12.08.2026 Decreto de alcaldía núm. 309/2026 procedeuse a

PRIMEIRO. Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas candidatas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado: auxiliar administrativa/o, para substitución de Tania Garabatos Rodríguez durante a súa situación de incapacidade temporal, aplicando as Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía n.º 177/2026 de data 20 de maio de 2026.

SEGUNDO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

Resultado da selección remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte (oferta: 12-2026-7869, EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS EN XERAL).

25.08.2026 Procedeuse ao chamamento ás 10 persoas candidatas que figuran no listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia, outorgándolle 5 días hábiles para a presentación da documentación de conformidade coas Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía n.º 177/2026 de data 20 de maio de 2026.

Solicitudes de participación

Apelidos e nome	DNI
Barreiro Garea Yolanda	***2846**
Castro López Inmaculada	***9944**
Ferreiro González María Jesús	***6641**
López Turnes Esmeralda	***2203**
Romero Álvarez Herminio	***6052**

08.09.2026 Resolución de alcaldía núm. 327 polo que se aprobou a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao procedemento de selección de auxiliar administrativo/a ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, outorgando un prazo de dous días hábiles para a presentación de alegacións contados a partir da data de publicación da listaxe no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Touro.

Durante o período outorgado de dous días hábiles para emendar as carencias que motivaron as exclusións, presentouse subsanación por parte de Barreiro Garea Yolanda con D.N.I. ***2846**

Visto disposto na base reguladora 4ª e Anexos (procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio), reguladoras do procedemento selectivo. No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao procedemento de selección de auxiliar administrativo/a ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

Persoas admitidas:

Apelidos e nome	DNI
Barreiro Garea Yolanda	***2846**
Castro López Inmaculada	***9944**

Persoas excluídas:

Apelidos e nome	DNI	Causas de exclusión
Ferreiro González María Jesús	***6641**	d), e), g)



López Turnes Esmeralda	***2203**	c), e), f), g)
Romero Álvarez Herminio	***6052**	c), d) e), g)

CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- a) A solicitude presentada non se axusta ao modelo normalizado de solicitude (Anexo 2).
- b) Non se aporta fotocopia compulsada do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- c) Non se aporta fotocopia compulsada do título esixido para tomar parte nesta convocatoria.
- d) Non se aporta Celga 2.
- e) Non se acredita a experiencia mínima como empregado/a administrativo/a: 24 meses.
- f) Non se aporta fotocopia compulsada do permiso de conducir b.
- g) Non acredita requisitos xerais (apartados c), d) , e) e f).

SEGUNDO. Fixar a data da celebración da proba escrita (exame tipo test e/ou preguntas curtas), no Salón de Plenos do Concello de Touro (Rúa Isabel II, n.º 26 – Fonte Díaz - Touro) o día 16 de setembro de 2026 ás 9.30 horas.

TERCEIRO. Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Touro.

CUARTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor

